

Notas para unha tematización da narrativa infantil e xuvenil galega (1975-1985)

Notes for a thematic arrangement of Galician young and children narrative (1975-1985)

Montse PENA PRESAS

Departamento de Filoloxía Galega
Universidade de Santiago de Compostela

[Recibido, xaneiro 2008; aceptado, febreiro 2008]

RESUMO

Este artigo pretende ser unha primeira aproximación aos temas, tendencias e motivos que inspiraron os textos da narrativa infantil e xuvenil galega entre 1975 e 1985. A análise destas obras permitirá deterse nas cuestións que interesaban ás figuras autorais do momento, así como tamén detectar vieiros temáticos e albiscar innovacións futuras. Igualmente, propónse unha periodización destes primeiros anos de narrativa para a infancia e a mocidade.

PALABRAS CHAVE: Narrativa infantil e xuvenil, temática, periodización.

PENA PRESAS, M. (2008): "Notas para unha tematización da narrativa infantil e xuvenil galega (1975-1985)". *Madrygal (Madr.)*, 11: 63-72.

RESUMEN

Este artículo pretende ser una primera aproximación a los temas, tendencias y motivos que inspiraron los textos de narrativa infantil y juvenil gallega entre 1975 y 1985. El análisis de estas obras permitirá detenerse en las cuestiones que interesaban a las figuras autorales del momento, así como también detectar directrices temáticas y registrar innovaciones futuras. Igualmente, se propone una periodización de estos primeros años de narrativa para la infancia y la juventud.

PALABRAS CLAVE: Narrativa infantil y juvenil, temática, periodización.

PENA PRESAS, M. (2008): "Notas para una tematización de la narrativa infantil y juvenil gallega (1975-1985)". *Madrygal (Madr.)*, 11: 63-72.

ABSTRACT

This article tries to be the first approach to the topics, trends and motives that have inspired the texts of Galician children narrative between 1975 and 1985. The analysis of these works will allow us to dwell upon the different subjects that contemporary authors were interested in, as well as to detect any thematic lines and to note any possible future innovations. Similarly, guide lines for the arrangement of the different stages of these first years of narrative for the young and children are proposed.

KEY WORDS: Children narrative, thematic lines, stages.

PENA PRESAS, M. (2008): "Notes for a thematic arrangement of Galician young and children narrative (1975-1985)". *Madrygal (Madr.)*, 11: 63-72.

SUMARIO: 1. Contexto socio-histórico. 2. Análise do corpus. 3. Cabo. 4. Referencias bibliográficas.

1. CONTEXTO SOCIO-HISTÓRICO

As expectativas que a sociedade tiña postas na infancia na década que se alonga entre 1975 e 1985 eran moitas e moi elevadas. Os cativos e cativas que están a medrar neses anos ou que nacen neles representan a idea, case a utopía, dunha colectividade máis libre, con menos físuras, na que a configuración do Estado dividido en dúas metades deixe de estar presente. Ademais, para o sector cultural do país que reivindicaba a cultura galega perdida na longa noite de pedra (e que en grande parte estaba vencellado a sectores nacionalistas), a infancia era o soño en que soñárase eles mesmos, o espello que podería reflectir non só unha educación máis libre, senón tamén unha formación en galego. Eran a primeira xeración que contaba ferramentas precisas para darlle ao galego o estatus que nunca tivera como idioma de cultura.

Porén, no camiño que deu paso á sociedade democrática, as actitudes cara a lingua dos sectores nacionalistas foron cambiando. Como explica o profesor Francisco Fernández Rei (1990):

O retroceso político do nacionalismo de esquerdas a finais dos 70 e comezos dos 80 tivo —e aínda ten— unha mostra indirecta no abandono progresivo da lingua galega por sectores políticos e intelectuais que, uns anos atrás, estaban publicamente pola súa defensa.

Se o movemento político nacionalista sufriu un esvaecemento nestes anos debido á deixadez polo idioma de grupos que outrora o apoiaban, pódese deducir que, os que se mantiveron constantes en relación ao uso do galego, reforzasen máis (inconscientemente) as expectativas depositadas nos adultos e adultas do mañá. Supondo que a meirande parte dos produtores de narrativa infantil e xuvenil formasen parte do colectivo lingüísticamente fiel ao idioma, é posíbel que nas obras que conforman o corpus estudado se detecte a sombra da construción da identidade nacional. Por estes motivos, o libro constitúese nun instrumento fundamental non só para instruír aos novos lectores e lectoras, senón tamén para conformar á futura cidadanía e facela saber que é parte xerminal dunha sociedade concreta. Aínda a mediados dos anos oitenta se animaba aos produtores,

dende os organismos de poder, a que tomasen partido na visibilización da cultura do país, a pesar de que ao mesmo tempo fosen “chamados á orde —ou simplemente ignorados— en canto se desmarcaban do canon oficial de busca de esencia do noso” (Rodríguez Rodríguez 2006: 65). Por este motivo, a temática das obras que se publicaron entre 1975 e 1985 constitúe un eido de singular análise, que non só apunta as futuras tendencias da narrativa infantil e xuvenil galega, senón que permite achegarse aos novos valores e modelos de comportamento que se promulgaban dende os textos de creación.

Por outra banda, cómpre aludir dunha maneira referencial ao conxunto de leis que neses anos foron regulando o ensino do galego nas escolas e que sen dúbida tiveron unha influencia determinante na literatura infantil e xuvenil, disparando a produción e determinando as características dun lectorado que sempre fora moi inconcreto. En 1975 promúlgase o Decreto de Regulación da Incorporación das “linguas nativas” ao ensino básico, que viña concretar o contemplado na Lei Xeral de Educación de 1970 (na que se establecía a permisión de empregar as “linguas nativas” en preescolar e EXB). Catro anos despois, en 1979, é o momento do polémico Decreto de Bilingüismo, que permite o estudo do galego como materia obrigatoria na escola e nos centros non universitarios. O seguinte chanzo na ascensión social do idioma viría en 1981 co Estatuto de Autonomía, en que se recoñece o galego como lingua propia de Galicia, e remataría, para a época que nos interesa, en 1983 co establecemento da Lei de Normalización Lingüística.

2. ANÁLISE DO CORPUS

2.1. CRITERIOS PARA A ESCOLLA DO CORPUS

O primeiro que convén explicar é en base a qué criterios se levou a cabo a selección do corpus estudado¹, que constituirá o material do que se parta para anotar as diferentes tendencias temáticas. Dado que a produción de libros infantís neses anos era aínda escasa, pretendeuse analizar todas as obras exclusivamente de xénero narrati-

¹ O conxunto de títulos analizados pode ser consultado no apéndice deste artigo.

vo², escritas orixinalmente en galego, que non fosen adaptacións de contos populares³, de autoría recoñecida⁴, cunha primeira edición publicada entre as datas sinaladas e sen un obxectivo didáctico prioritario. Este último criterio pode parecer un tanto ambiguo, mais non o é, pois responde a un modelo de obra dirixida á infancia moi en voga nestes anos. Tratábase de volumes que abalaban entre o formato propio do libro de texto e do libro de lecturas, mesturando diferentes xéneros literarios e propondo actividades que case sempre ían máis alá da comprensión lectora e abrangúan outras partes do ensino de lingua galega⁵, cubrindo o baleiro existente en canto a materiais escolares. Seguindo estas premisas, o corpus quedaría conformado por vinte e un libros. Procurárase xerar pontes entre unhas e outras directrices, exemplificando a transición entre as mesmas con obras concretas.

2.2. TEMATIZACIÓN

A antiga existencia dunha liña tradicional, que viña xa referendada nas décadas anteriores por publicacións como *Contos pra nenos* (1968) de Laureano Prieto ou *Contos peneirados* (1970) de Octavio San Martín Domínguez, é sinxelamente explicábel porque a literatura infantil ten a súas orixes nos contos de fadas, que modificados, foron os primeiros que chegaron aos cativos e cativas. De feito, Alison Lurie (1998: 41) sostén que cada nación e cada xeración elixen os seus contos populares preferidos e modifícanos para axeitalos ás crenzas e condicións locais. Así mesmo, estes relatos posúen unha estrutura ternaria moi básica que posibilita que os conflitos neles presentados se resolvan en poucas páxinas. Esta característica constituiría un elemento de singular atractivo para sistemas literarios pouco desenvol-

vidos que, consecuentemente, contan cunha industria editorial feble. Ademais, a estrutura sinxela facíaos de moita utilidade para o lectorado máis novo, inmerso na súa primeira fase de formación no mundo da lectura. Alén disto, aínda existe outra razón fundamental que explica o emprego reiterado e o recurso habitual a estas formas narrativas: a posesión de numerosas “marcas” identitarias, ás que González Reboredo (2004: 144) se refire nestes termos:

Esas formas culturais conservadas oralmente polo pobo, foron interpretadas como marca de autenticidade e de identidade fronte á tecnoloxía contemporánea, que se presenta como homoxeneizadora e, polo tanto, incapaz de xerar unha identidade diferencial. Dende esta óptica, non é cousa estraña que os portadores desa oralidade, como ben indicou hai uns anos o profesor Velasco Maíllo, fosen elevados á categoría de “pobo auténtico”.

Por todos estes motivos, non debe sorprender, que as primeiras coleccións de narracións infantís galegas se nutrisen de resumos, versións e adaptacións de historias procedentes da voz do pobo. Se se toma como exemplo a colección A Chalupa da Editorial Galaxia, obsérvase que está conformada por títulos coma *O soldadiño de chumbo*, *O Pedro Pillabán*, *Os tres pretendentes* ou *A viaxe de Ruteazul*. Ao lado destes títulos aparecerán outros da mesma fasquía que pretenden, dalgún xeito, imitalos. A imitación faise corpórea nunha árbore que abarcaría todo vestixio de narración de fasquía tradicional e na que abundarían as historias de animais. O exemplo máis evidente entre 1975 e 1985 é *O raposo careto* (1979), obriña que dá conta, en diferentes escenas, das aventuras dun golpe abondo pillabán que tanto fala como fai de sacristán. Algo semellante pasaría con *O can Rin e o lobo Crispín* (1983) de Carlos Casares, que

² Especificábase “exclusivamente” porque na época non son raros os volumes que mesturan xéneros literarios. É este o caso, por exemplo, de *Campo e mar aberto* (1975) de Dora Vázquez. Lugo: Imprenta da Editorial Celta; *Cantarolas e contos para xente miúda* (1975) de Xosé Neira Vilas e Anisia Miranda. Sada: Edicións do Castro; ou *O nadal e os Reises Magos* (1981) de Emilia Estévez. A Guarda: Edición da autora. Cómpre sinalar, que se exclúe da achega a banda deseñada, xénero que algúns estudosos consideran pertencente ao xénero narrativo.

³ Tamén moi abundosas na época, axudaron a dotar o sistema de textos cando aínda faltaban manuscritos orixinais na propia lingua. Algúns títulos destas características son *Contos vellos para rapaces novos* (1983) de Xosé Neira Vilas. Sada: Edicións do Castro; e *Os contos do Compay Grilo* (1984) de Anisia Miranda. Sada: Edicións do Castro.

⁴ Sempre que non se tratase de relatos escritos polos propios nenos e nenas, como ocorre coa obra colectiva: VV.AA. (1984) *Contos dos nenos galegos*. Premiados nos concursos nacionais de contos infantís convocados pola agrupación cultural O Facho (1968-1983). Sada-A Coruña: Edicións do Castro/Caixa de Aforros de Galicia/La Voz de Galicia.

⁵ Isto exemplifícanos libros como *Contos degañaos* (1981) de Xoán Babarro e Ana María Fernández., Barcelona: Editorial Casals; *Lois e Sabela* (1983) de Valentín Arias. Madrid: Edicións S.M.; ou *Contos de nós e da xente* (1983) de Xesús Rábade e Helena Villar. Madrid: Edicións S.M.

tamén sitúa a historia na sociedade rural tradicional galega, conferíndolle ao cadelo protagonista non só a capacidade de falar, senón tamén a de tocar o clarinete. Porén, neste conto fica patente a reformulación á que o someteu o seu autor, que gustaba das narracións populares e ás que lles adoitaba engadir grandes doses de humor e un pouso de ironía. Na mesma liña estaría *Voces na lagoa do espantallo* (1983) de Xan López Domínguez, mais este título introduce outra variante novidosa. A historia de dous labregos que pelexan por teren as terras colindantes e que logo se converten en corvos enmárcase na perspectiva dun narrador testemuño (fronte á prototípica omnisciencia que aparece neste tipo de relatos), que namentres debuxa, está a observar todo o ocorrido. Por outra banda, cómpre sinalar que *Os ladróns de tixolas* (1985) de Xosé Antonio Perozo formaría parte desta tendencia narrativa, a pesar de que constitúe un exemplo un tanto particular, pois nel non hai protagonistas animais nin unha ambientación no rural galego. Non obstante, o xeito en que esta narrado, de imitación popular, e o propio suceso que artella o núcleo do conto (que uns ladróns deixaran á vila sen tixolas para facer filloas) apuntan á pertenza a esta tendencia, aínda que a revisite dunha maneira máis renovada.

Da mesma árbore, aínda que dunha póla diferente (da que emprega personaxes da tradición literaria máis antiga como fórmula para imitar as narracións do acervo do pobo), formaría parte *A porta prohibida* (1983), contiño en que Xesús Pisón transmite a clásica historia do rei mandatario que finalmente é burlado por un dos seus súbditos. Igualmente, *Reiciñeira* (1981) de Eliseo Alonso pódese enmarcar nesta corrente, porque mesmo nalgún dos relatos que compoñen o volume, como o chamado “Conto de arrolar”, atopamos unha escena en que o pai protagonista reproduce o feito oral deste tipo de narracións. Emporiso, ademais das doses fantásticas que contén a ficción de Alonso, que entroncaría coa creación de Casares anteriormente citada, nela áchase tamén o eco doutra corrente temática moi en voga nesta época: o realismo. Sen dúbida o expoñente máis significativo desta tendencia sexa Xosé Neira Vilas, que a iniciara con *Memorias dun neno labrego* alá polo 1968 e que a continúa con *Cartas a Lelo* (1971) e *Aqueles anos do Moncho* (1977), dando lugar ao famoso

“ciclo do neno”. Balbino, o protagonista do primeiro volume, axiña se converteu en todo un referente literario fundamental en que se basearon algúns autores posteriores. Neste ronsel estaría *Coma nós*⁶ (1977) de Ramiro Cartelle, narración en que o protagonista permite que se lle zoupe ao seu amigo Toñito para que fale galego. Se ben unha parte da crítica tense referido a esta tendencia como “realismo crítico” (Cobas 1991, Bertolé 1994), habería que manexar esta etiqueta cunha certa precaución, debido ao seu concretismo e dado que, achamos obras que non se amosan críticas coa sociedade, senón críticas con determinados comportamentos. É este o caso do sinxelo *Contos para escola* (1983) de Concha Blanco, volume composto por diferentes escenas en que ocorre un suceso que rapidamente atopa o seu desenlace. Cunha clara intención didáctica, pois orixinalmente a autora (mestra de profesión) creou os contos para o seu alumnado, o volume tenta reflexionar sobre o significado do narrado, fornecendo ao lectorado de modelos de conduta bastante evidentes, que son exemplificados na meirande parte dos casos en figuras infantís –aínda que tamén se empregan puntualmente imaxes de animais. Fronte este realismo máis tradicional, moi costumista, exemplificado nas obras sinaladas, o que se agocha é unha nidia defensa de aquilo que é considerado caracteristicamente galego. Isto inclúe non só unha ambientación no rural, senón tamén pegadas identitarias de diferente magnitude, que irían dende a aparición de comidas tradicionais (o caldo, as filloas), pasando pola evocación de costumes típicas (as feiras, as romerías) e chegando ata a permisión de certa violencia se esta xustifica a defensa dun elemento autóctono de importancia, como sucede na creación de Cartelle. De feito, a literatura infantil, por posuír unha fasquía didáctica evidente, constitúe un prolífero eido para que cuestións de tipo ideolóxico estén presentes nela, mais tamén para que o lector ou lectora crítica poida detectalas cunha meirande facilidade. A narrativa realista dedicada á infancia nesta década é un atractivo instrumento para transmitir, recuperar e valorizar unha ideoloxía e unha serie de elementos culturais e actitudes, que ficaran invisibilizadas durante os corenta anos anteriores. Sarland (1999: 49) afirma que o lectorado se constrúe ideoloxicamente mediante a identifica-

⁶ De feito, Xesús Alonso Montero (1977: 8) sinala no limiar que fai obra: “Velaiquí unha historia rural que Balbino, o protagonista das *Memorias dun neno labrego*, saudaría gozoso e rebuldeiro co seu sombreiro de palla”.

ción co personaxe, mentres que Held (1988: 39 *apud* Cervera 1991: 126) insiste na necesidade do lector/a mozo/a de proxectarse sobre o carácter principal da narración, polo que colocar a Balbino (ou a Moncho⁷) e aos seus “seguidores” no papel protagónico apunta claramente á quenencia autorial de que o lectorado se identifique cun personaxe concreto. Como explica moi acadamente Lluch (2003: 33):

Todo relato transmite una determinada visión ideológica [...] En la literatura infantil y juvenil todavía más, porque supone la relación con el niño, con el futuro miembro de una sociedad al que hay que instruir en los hábitos sociales, en las actitudes hacia la vida o hacia el resto de los miembros de la sociedad donde se integrará, o en las valoraciones que debe tener, por ejemplo, sobre los padres o la violencia.

Non obstante, namentres esta tendencia realista-costumista segue a dar ao prelo as súas últimas obras, comeza tamén a desenvolverse un realismo máis evoluído e acorde coa produción que se estaba a facer en campos literarios infantís consolidados. O papel principal ocuparano, mairoitariamente os nenos e nenas, pero o espazo en que se desenvolverá a acción xa non será unicamente a aldea, pois esta dará paso a vila e, nalgúns casos, á cidade. As coordenadas identitarias seguirán aí, axexando, pero serán menos evidentes. A obra de Helena Villar Janeiro, *O día que choveu de noite* (1983)⁸, a de Úrsula Heinze, *O buzón dos nenos*, e a de Ana María Fernández e Xoán Babarro, *Primeiro libro con Malola*, constitúen exelentes modelos deste realismo máis contemporáneo en que grupos de rapaces viven sucesos próximos á aventura.

Pola súa banda, o mundo do fantástico xa entrara na narrativa dedicada á mocidade con Xan Guisán Seixas e a súa *Orixes certa do faro de Alexandría* (1980). A pesar de que o primeiro dos relatos, de nome homónimo á obra, ten un certa fasquía de conto que xoga con personaxes tradicionais (coma poden ser os deuses), todos se cinguen porque neles fai a aparición unha fantasía que provoca situacións insólitas e un tanto absurdas, quizais tamén excesivamente esaxeradas, que en moitas ocasións procuran o sorriso do lectorado. O volume está tamén atravesado por unha

sensibilidade que denota a quenencia polas cousas miúdas. Desta vertente máis fantástica bebe *O pintor do vento* (1983) de Xesús Pisón, obriña que dá a coñecer a Uxío, un cativo que teima en querer pintar o vento. O gusto do rapaz provoca diversas situacións maravillosas, coma unha viaxe en bolboreta á lúa. A obra de Gloria Sánchez, *A pequena aventura de Oscariño* (1984) iría tamén nesta dirección, aínda que é posuídora dunha fantasía máis profunda e mellor construída que a de Pisón. O protagonista é xa un boneco debuxado por un cativo nun libro escolar que decide marchar de viaxe mentres o seu creador dorme, polo que ao chegar á parte dos contos interactuará con diversos personaxes clásicos (Pedro Chosco, Carrapuchiña...).

Non obstante, a relación máis estreita coa creación de Guisán Seixas atopámola no que é un clásico na narrativa infantil e xuvenil de noso: *Das cousas de Ramón Lamote* (1985). Na novela de Paco Martín vólvense dar cita os momentos asombrosos que nos deixaban os relatos de *Orixes certa do faro de Alexandría*, esta vez, quizais, cunha intensidade renovada. A colectividade en que vive o profesor de chairego Lamote é, en si mesma, absurda, e significativamente, o autor colócaa nun mundo identificábel co real. A ironía, a crítica social e a ridiculez como arma humorística eríxense aquí por riba do realismo máxico que algúns teñen sinalado na obra, facéndoa pioneira neste eido (Cobas 1991, Bertolé 1994). Neste senso, concordamos máis coas apreciacións de Vilavedra (2000: 129), que explica que no texto de Martín o humor camiña cabo da fantasía e que a través del se provoca a sátira social. Aínda que é evidente que hai elementos maravillosos, estaríamos ante unha novela que ten máis de paródica que de “máxica”, pois emprega os elementos tirados do fantástico para subvertilos e ensinarnos que na sociedade humana se cultiva o despropósito como planta maioritaria.

A carón do fantástico, existiría tamén o viero mítico, que se inicia con *Dona Galicia* (1979), a primeira incursión na narrativa infantil de Kristina Berg. A narración visita a fábula da terra galega personificándoa nunha velliña que outrora foi fermosa e que na actualidade fica soa. Este contiño posúe elementos procedentes do maravilloso,

⁷ Protagonista de *Aqueles anos do Moncho*.

⁸ A pesar de que esta conta tamén con certos elementos fantásticos, non na ambientación, senón no misterio que circunda á protagonista.

como tamén o fai *Pericles e a balea* (1983). O relato de Xohana Torres afonda no terreo do mítico procedente da antigüidade clásica a través do protagonista, que varado en terra como un Ulises que xa non voga, espera pola Penélope mariñeira, exemplificada na figura da muller-balea⁹ Tálata, de clara conexión coa Penélope da obra poética da autora que berra “EU TAMÉN NAVEGAR!”. A vereia mítica será continuada en 1985 por María Xosé Queizán con *O segredo da pedra figueira*, novela que narra as aventuras de Lazo e do seu pobo na procura dun lugar onde asentarse. No pirolo ata as novas terras, xorde o encontro co pasado lendario, aínda que esta vez, propiamente galego (as mulleres lobas da Illa Lobeira son un fantástico exemplo disto). Mais a novela de Queizán erixese tamén, xunto con *Martín Coutinho en busca do sol* (1984) de J.A.M e *Arnoia, Arnoia* (1985) de Ferrín, na primeira novela xuvenil¹⁰ galega que é un texto de aprendizaxe, é dicir, un *bildungsroman* nun amplo sentido. Realmente, as creacións de Ferrín e de Queizán semellan dúas caras dunha mesma moeda, porque Ferrín tamén se vale do pasado mítico para someter ao seu heroe, que ao igual que Lazo está a procurar ao seu pobo, a un proceso de maduración. A diferenza radica en que *O segredo da pedra figueira* é tamén a primeira creación marcadamente feminista da narrativa infantil en lingua galega, aínda que o conto de Xohana Torres apunte cara esta mesma dirección. A consideración de “feminista” para este texto baséase na definición de Roberta Seeling (1997: 4):

What is a feminist children’s novel? Defined simply, it is a novel in which the main character is empowered regardless of gender. A key concept here is “regardless”: in a feminist children’s novel, the child’s sex does not provide a permanent obstacle to her development.

Finalmente, cinguido debilmente polas súas peculiaridades cos textos anteriores, *Todo ben* (1985) de Manuel Rivas, introduce temas e motivos totalmente novidosos para a narrativa infantil

e xuvenil galega. O texto ten, non obstante, a pegada da procura identitaria, esta vez a través do sinxelo paralelismo que o autor establece entre a situación galega e a situación brasileira; namentres amosa a complicada evolución psicolóxica do protagonista, non tanto quizais como un proceso de maduración, senón máis coma unha búsqueda de si mesmo que o levará ao desengano. Igualmente, a introdución do tema futbolístico e do ambiente e de parte dos tópicos propios do xénero negro¹¹, así como o emprego de técnicas narrativas propias da cinematografía, constituirán de novo, nese 1985 cargado de textos (se o comparamos cos anos anteriores), un auténtico revulsivo renovador para a narrativa destinada ao público máis novo.

3. CABO

A narrativa infantil galega abalou, na década que se estende entre 1975 e 1985, entre o clasicismo máis manifesto e unha innovación sorprendente para formar parte dun campo literario invisíbel, aínda en fase de constitución, dun sistema literario periférico. Como se puido comprobar, os camiños que se transitaron foron diversos e moi variados: comezouse polo máis fundamente popular, pola tradición oral recollida nas publicacións, para ir modificándoa paseniñamente e introducir novos elementos que proviñeron, moi especialmente, do ámbito do fantástico. Pola banda dos textos realistas, o avance nesta década consistiu en saber modificar o máis tradicional desta tendencia, ancorado no tempo e afastado da sociedade daquel momento, nun realismo máis verosímil e achegado ao lectorado da época, que comeza, definitivamente, a verse retratado nos textos. Alén disto, o viero do fantástico amosou a súa mellor cara, deixando textos elaborados, sorprendentes e áxiles que, seguindo o ronsel iniciado por *A galiña azul* (1968) de Carlos Casares, sentan os precedentes da temática, para influír determinadamente nos textos posteriores. Se o paradigma de novela rea-

⁹ Como nos explica Helena González (2005: 153): “O ventre, o corpo inmenso da balea, a súa condición de mamífera inmemorial, convértea simbolicamente en espazo liberado, nun cuarto propio, que pode ser utilizado como espazo para definir a insolencia feminina, a renuncia á linguaxe do pai, a asunción da historia e tamén o lugar a partir do cal renunciar á reprodución obrigatoria e afirmarse no goce”.

¹⁰ Entendemos por “literatura xuvenil” neste punto o mesmo que entende Cervera (1991: 120): “Si a la literatura infantil le hemos atribuido siempre como función principalísima dar respuesta a las necesidades íntimas del niño[...] y a la literatura juvenil le exigimos que ayude al joven, desde su adolescencia, a descubrir el mundo real y a incorporarse a él, [...], podemos pensar que constituye un escalafón intermedio entre la literatura infantil y la de adultos, concebido desde la perspectiva del adulto, aunque no pertenece a ninguna de las dos citadas literaturas.”

¹¹ Isto que fai que esta novela sexa tamén unha das primeiras do sistema literario galego que introduce as constantes do xénero negro, que se inicia con *Crime en Compostela* (1984) que significamente gaña o I Premio Xerais.

lista quedara fixado con *Memorias dun neno labrego*, o das ficcións fantásticas establécese neste tempo con *Das cousas de Ramón Lamote*.

Por outra banda, obsérvase o definitivo xurdimiento da narrativa xuvenil, que escolle, sobre todo, o vieiro do mitolóxico. A preocupación das figuras autorais polo camiño ao que se dirixe a sociedade deste tempo maniféstase na aposta por literaturizar a procura dunha identidade propia. Esta identidade estenderáse dende o ámbito particular do “eu” protagonista ata a esfera social, como amosan *Arnoia*, *Arnoia* e *O segredo da pedra figueira*. Porén, no texto de María Xosé Queizán, as identidades colectivas que se acadan son dobres: a nacional (ese sentir de “pobo” tan presente na novela) e a feminina. A ampliación das temáticas e a pervivencia doutras ancoradas no pasado define esta etapa, onde as transformacións, a experimentación a todos os niveis, e a convivencia entre diferentes tendencias e concepcións son as protagonistas. Dita heteroxeneidade fai necesario o establecemento dunha periodización precisa (na que tamén se contemplan fitos anteriores e posteriores) para comprender con maior profundidade estes anos de cambio na narrativa infantil e xuvenil galega.

Ramón Piñeiro (1982: 333) situaba en 1967 a data en que comeza a publicación sistemática de literatura infantil en lingua galega (debido a que Galaxia promove a saída do prelo de contos infantís, a maioría deles traducidos do catalán e froito da colaboración con La Galera, de Barcelona). A idea de Piñeiro é referendada por Xulio Cobas (1991: 80-81)¹², quen engade que o “segundo momento” de inflexión da LIX galega produciríase co establecemento do Decreto de Bilingüismo. Bertolé Cué (1994: 355) sinala como fundamentais as mesmas datas que Cobas, porque en boa medida a súa achega se fundamenta na del. Pola súa banda, Blanca Ana Roig (1996:105; 2004:157-167) coloca a nova etapa (que denomina “de asentamento”) da literatura infantil en 1968, ano en que Carlos Casares gaña o primeiro concurso de contos infantís convocado pola Asociación Cultural O Facho. A mesma estudosa establece o segundo período (de “consolidación”)

a partir de 1980, xa que arredor del comeza a escolarización en lingua galega.

Comezando dende as consideracións destes investigadores, recorrendo a outros fitos literarios non mencionados por eles e cinguíndose ás propias ficcións, sinaláranse tres etapas claves para a evolución da narrativa:

A. 1968-1978. Primeiro período de asentamento. Seguindo a Blanca-Ana Roig, a data de 1968 semella a máis acaída para iniciar a fase de asentamento. O Concurso Nacional de Contos Infantís O Facho, celebrado nese ano, posibilitaría que diferentes autores e autoras comezasen a xerar ficcións que tivesen como destinatario ao público infantil¹³. Ademais, a primeira narración premiada, “A galiña azul”, marca un cambio de rumbo na escrita de noso: “Casares inaugurou así para a narrativa galega as tendencias fantástica e, sobre todo, a fantástico-realista” (Roig Rechou 2004: 157). Esta etapa caracterizaríase pola moi tímida procura de novos vieiros temáticos e pola preponderancia de formas herdeiras directamente da tradición oral popular¹⁴, así como polo comezo da publicación sistemática para o lectorado infantil de dous autores que xa son dous clásicos: Xosé Neira Vilas e María Victoria Moreno.

B. 1979-1989. Segundo período de asentamento. Etapa de transición cara ao “afortalamento” da narrativa infantil e xuvenil en lingua galega. Elíxese como data inaugural 1979 non só por ser o ano en que se promulga o Decreto de Bilingüismo, senón tamén porque nel a Asociación Cultural O Facho dá o prelo o volume Contos pra nenos, en que se inclúen cinco relatos premiados no concurso da mesma agrupación. Esta obra colectiva ten unha grande importancia simbólica, xa que é o primeiro libro galego seleccionado polo IBBY para incluílo na “Lista de Honra” e para representar á literatura de noso no Certame Internacional Hans

¹² Aínda que este sitúa esta “publicación sistemática” en 1966, seguramente a causa dun erro, xa que parece que o autor, ademais de empregar os seus propios criterios, seguiu a consideración de Piñeiro.

¹³ Os integrantes da propia asociación son conscientes do importante papel que neste sentido tiveron: “cómpre salientarmos, por fin, con lexítimo orgullo, este Concurso Nacional de Contos Infantís O FACHO en canto pioneiro da literatura infantil galega”. Tirado de “Advertencia” en VV.AA. (1979) *Contos dos nenos galegos*. Premiados nos concursos nacionais de contos infantís convocados pola agrupación cultural O Facho (1968-1983). Sada-A Coruña: Edicións do Castro/Caixa de Aforros de Galicia/La Voz de Galicia.

¹⁴ Da que son bo exemplo obras como *Contos peneirados* (1970) de Octavio San Martín Domínguez ou *O neno mentirán e o lobo* (1973) de Francisco Delgado Rodríguez.

Christian Andersen de 1982. O período caracterízase por un progresivo aumento da produción; pola procura máis evidente e con máis éxito de novas temáticas (boa proba disto son *Orixes certa do faro de alexandria* de Xan Guisán Seixas; *Pericles e a balea* de Xohana Torres, *Martín Coutinho en busca do sol* de Martínez Rodríguez ou *A pequena aventura de Oscariño* de Gloria Sánchez); pola proliferación de obras, dirixidas claramente ao ensino, que abalan entre o libro de texto e o libro de lecturas (como *Contos de nós e da xente* de Helena Villar e Xesús Rábade ou *Contos degrañados* de Xoán Babarro e Ana María Fernández); pola institución en 1984 do Premio Barco de Vapor en lingua galega; e pola creación da colección, específica para a infancia e primeira en ser rigorosa no seu desenvolvemento¹⁵, “A Chalupa”, da editorial Galaxia, que publica habitualmente orixinais galegos e traducións.

C. 1985-1990¹⁶. Período de afortalamiento. Os motivos da inflexión que marca 1985 non son poucos e veñen encabezados pola publicación de *Das cousas de Ramón Lamote* de Paco Martín, obra que supón o verdadeiro pulo para o definitivo asentamento e renovación do xénero: o popular mestúrase co fantástico para deixar paso a un humor que nos descobre o absurdo mundo dos humanos. Ademais, que a obra se fíxese co I Premio Barco de Vapor en 1984; co Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil en 1986 e que nese mesmo ano conseguira ser incluído na

“Lista de Honor” da IBBY, concede a esta novela, e consecuentemente, á data sinalada, unha marcada feitura institucional. 1985 tamén depara a publicación das que serán propiamente as primeiras novelas xuvenís escritas orixinalmente en galego¹⁷: ademais da obra que se acaba de citar, falamos de *O segredo da pedra figueira* de María Xosé Queizán; *Arnoia*, *Arnoia* de Méndez Ferrín e *Todo ben* de Manuel Rivas¹⁸.

Esta é tamén a data a partir da que as editoras, seguindo o ronsel de Galaxia e Edicións do Castro, comezan a incluír nos seus catálogos coleccións estritamente infantís e xuvenís que publican textos orixinais galegos. Así, durante 1985, xorde a colección “O Barco de Vapor” en galego da Editora S.M en colaboración con Galaxia; a colección Xabarín, de Xerais; a colección dedicada á infancia e á mocidade de Vía Láctea; e a colección Tartaruga, que se xera tamén en Galaxia.

O resto do período viría marcado polo establecemento do Premio Merlín en 1986, pola continuación das innovacións temáticas e estilísticas e polo comezo do recoñecemento, a nivel estatal, da narrativa infantil en lingua galega. Conclúese esta fase en 1990, por ser a data en que un autor galego (Agustín Fernández Paz con *Contos por palabras*) gaña por primeira vez o Premio Lazarillo, o outro grande galardón das letras para a infancia e a mocidade a nivel estatal. Nese simbólico 1990, remata esta periodización que se xestou para situar unha evolución específica da primeira narrativa galega dirixida aos máis novos e novas. O que ocorre a partir de aí é, sen dúbida, merecente de diversos estudos máis demorados ca este.

¹⁵ Sinalamos este dato porque anteriormente existía xa a colección “Narrativa para nenos” de Edicións do Castro, pero os títulos eran publicados cun gran intervalo temporal, cousa que non ocorre coas obras conformadoras de “A Chalupa”. As outras coleccións que había na época, como “A Galea Vela Maior”, “A Galea de Contos Populares” (ambas as dúas de Galaxia-La Galera) ou “A Grande Travesía” (da Editorial Altea) editaban unicamente traducións.

¹⁶ Sería preciso levar a cabo unha análise demorada, da mesma fasquia ca esta, nos comezos da década dos noventa para precisar coa mesma exactitude que fixemos ata agora a data exacta

¹⁷ Un ano antes, tal e como indicamos no epígrafe anterior, vería a luz *Martín Coutinho en busca do sol*, “sen dúbida a primeira novela de aventuras para un público xuvenil que se escribe en galego”, como nos di a súa contracapa. Porén, o feito de que fose editada en Barcelona propiciou un grande descoñecemento dunha novela que, de ser tirada do prelo no país, non tería pasado tan desapercibida. Por este motivo, e a pesar de recoñecérmolle o seu carácter inaugural, propoñemos 1985 como data da novela para a mocidade en Galicia.

¹⁸ A pesar de que sospeitamos, polos riscos estilísticos e as referencias que presenta esta novela, que a inclusión da mesma na colección Xabarín de Xerais se debeu, sobre todo, a unha decisión editorial.

4. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

BIBLIOGRAFÍA PRIMARIA

- ALONSO, Eliseo (1981): *Reiciñeira*. Sada: Edicións do Castro.
- BABARRO, X. E FERNÁNDEZ, A. M (1985): *Primeiro libro con Malola*. Madrid: Editorial Galaxia-Edicións SM, colección O Barco de Vapor.
- BERG, Kristina (1979): *Dona Galicia*. Vigo: Galaxia.
- BLANCO, Concha (1981): *Contos prá escola*. Sada-A Coruña: Edicións do Castro, col. Narrativa pra nenos.
- CARTELE, Ramiro (1977): *Coma nós*. Sada: Edicións do Castro.
- CASARES, Carlos (1983): *O can Rin e o lobo Crispín*. Vigo: Galaxia, col. A Chalupa.
- FACHO, Agrupación cultural O (1979): *Contos pra nenos*. Vigo: Galaxia.
- GUISÁN, Xan (1980): *Orixe certa do faro de Alexandria*. Madrid: Brais Pinto.
- HEINZE, Úrsula (1985): *O buzón dos nenos*. Madrid: Editorial Galaxia- Edicións SM, colección O Barco de Vapor.
- J.A.M (José Antonio MARTÍNEZ RODRÍGUEZ) (1984): *Martín Coutinho en busca de sol*. Barcelona: Edición do autor.
- LÓPEZ DOMÍNGUEZ, Xan (1983): *Voces na lagoa do espantallo*. Vigo: Galaxia, col. A Chalupa.
- MARTÍN, Paco (1985): *Das cousas de Ramón Lamote*. Madrid: Editorial Galaxia-Edicións SM, colección O Barco de Vapor.
- MÉNDEZ FERRÍN, Xosé Luís (1985): *Arnoia, Arnoia*. Vigo: Edicións Xerais.
- NEIRA VILAS, Xosé (1976): *A Marela taravela*. Vigo: Galaxia.
- (1977): *Aqueles anos do Moncho*. Madrid: Akal.
- PEROZO, Xosé Antonio (1985): *Os ladróns de tixolas*. Vigo: Editorial Galaxia, col. Tartaruga.
- PISÓN, Xesús (1985): *O pintor do vento*. Vigo: Galaxia, col. A Chalupa.
- (1985): *A porta prohibida*. Vigo: Galaxia, 1985, col. Tartaruga.
- QUEIZÁN, María Xosé (1985): *O segredo da Pedra Figueira*. Vigo: Edicións Xerais.
- RIVAS, Manuel (1985): *Todo ben*. Vigo: Edicións Xerais, col. Xabarín.
- SÁNCHEZ, Gloria (1984): *A pequena aventura de Oscariño*. Pontevedra: Deputación de Pontevedra.
- VILLAR JANEIRO, Helena (1983): *O día que choveu de noite*. Vigo: Galaxia.

BIBLIOGRAFÍA SECUNDARIA

- BERTOLÉ CUÉ, María Paz (1994): “Literatura infantil e xuvenil en Galicia: de 1979 á actualidade”. *Actas do IV Congreso Internacional de Estudos Galegos. Universiad de Oxford, 26-28 setembro 1994*. Editado por Benigno Fernández Salgado. Oxford-Santiago: University of Oxford-Xunta de Galicia.
- CERVERA, Juan (1991): *Teoría de la literatura infantil*. Bilbao: Universidad de Deusto-Ediciones Mensajero.
- COBAS BRENLLA, Xulio (1991): *Historia da literatura infantil e xuvenil galega*. Santiago: Edición do autor.
- FERNÁNDEZ REI, Francisco (1990): “Nacionalismo e dignificación da lingua no período 1972-1980”, *A Trabe de Ouro*, n.º 1, pp 43-71.
- GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, Helena (2005): *Elas e o paraugas totalizador*. Vigo: Edicións Xerais.
- GONZÁLEZ REBOREDO, Xosé Manuel (2004): “A literatura popular en contexto. Da tradición rural á posmodernidade”. *Congreso sobre Xaquín Lorenzo*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. 143-149.
- LURIE, Alison (1998): *No se lo cuenten a los mayores. Literatura infantil, espacio subversivo*. Madrid: Fundación Sánchez Ruipérez.
- ROIG RECHOU, Blanca-Ana (1996): “A literatura infantil e xuvenil en galego de 1900 a 1950”, en *Boletín Galego de Literatura*, n.º 15-16, 1.º e 2.º semestre de 1996, pp. 77-105.
- (2004): “Literatura infantil e xuvenil en Galicia: dos inicios á consolidación”, en *Boletín Galego de Literatura*, n.º 32, 2.º semestre de 2004, pp. 141-167.
- RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, Ánxela (2006): *A renovación da literatura infantil e xuvenil galega. A obra de Gloria Sánchez*. Traballo de Investigación Tutelado. Dirixido pola Dra. Dolores Vilavedra Fernández. Santiago: Universidade de Santiago de Compostela. [Texto inédito].

- SARLAND, Charles (1999): "The Impossibility of Innocence: Ideology, Politics and Children's Literature". *Understanding Children's Literature*. Ed. by Peter Hunt. London: Routledge.
- SEELINGER TRITES, Roberta (1997): *Waking Sleeping Beauty. Feminist Voices in Children's Novels*. Iowa City: University of Iowa Press.
- VILAVEDRA, Dolores (coord.) (2000): *Diccionario da literatura galega. Volume III. Obras*. Vigo: Editorial Galaxia.